



exercicio corrente posto ó cobro.

Atoparse ó corrente de pago en Hacienda, Facenda e Seguridade Social dende a data de solicitude da axuda ata a data de cobro da mesma no seu caso.

### **Epígrafe 2.- Actividades produtivas e establecementos con peche parcial da actividade**

Persoas físicas ou xurídicas, cunha plantilla de traballadores non superior a 6, cuxa actividade non fose afectada polo peche regulado polo R.D. 463/2020 no seu Anexo así como nas posteriores instrucións e modificacións publicadas, pero si que vise notablemente dificultada ou incluso imposibilitada totalmente a realización da súa actividade produtiva debido a:

- Imposibilidade total de realización de teletraballo.
  - Atoparse pechados os establecementos comerciais ou empresas ás que presta servizo
  - Non poder acceder ós centros de traballo debido ás limitacións de mobilidade propias e dos cidadáns ou por negativa destes a facilitar o acceso.
  - Non poder conseguir as materias primas coas que levar a cabo a actividade produtiva  
Non ter a posibilidade de acceder á clientela debido ás limitacións de mobilidade desta
  - Calquera outro motivo de natureza tal que non teña permitido levar a cabo a acción profesional.
  - Peche parcial da actividade levada a cabo, entendendo como tal aqueles negocios que levan a cabo actividades correspondentes a varios epígrafes do IAE e que algún deles foi pechado en virtude do R.D. 463/2020
- Prever que o balance de ingresos e gastos durante o semestre en que se encadre o período de vigor do estado de alarma deberá de ser negativo en cantidade igual ou superior á contía obxecto de solicitude. Cando o solicitante non leve de alta o período total do semestre esixido para acreditar a redución de ingresos a valoración levarase a cabo tendo en conta o período de actividade.
- A persoa física ou xurídica deberá de figurar como alta no Rexistro de Matrícula do IAE do Concello de Ponte Caldelas e ter o domicilio fiscal en dito municipio.
- O/a titular ou razón social deberá de figurar ó corrente de pago dos impostos e taxas municipais correspondentes ó ano 2019 ou, no seu caso, ó último exercicio corrente posto ó cobro.
- Os/as solicitantes non poderán estar en situación de baixa médica no momento de solicitude da axuda.
- Atoparse ó corrente de pago en Hacienda, Facenda e Seguridade Social dende a data de solicitude da axuda ata a data de cobro da mesma no seu caso.

#### **5.2.- Autenticidade.**

Ser certos os datos aportados e orixinais ou copia dos mesmos da documentación que se achega, e que se compromete a cumprir coas especificacións e bases da Convocatoria de Axudas Extraordinarias de Emerxencia Destinadas ó Mantemento do Tecido Empresaria, Comercial, de Restauración e Hostalería de Proximidade.

Do mesmo xeito comprométese a cumprir con outras autorizacións e requisitos que sexan necesarios para o exercicio da actividade.

#### **5.3.- Suspensión de prazos.**

A Disposición Adicional Terceira do R.D. 463/2020 recolle: "No obstante o anterior, o órgano competente poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrucción estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que este manifieste a súa conformidade, ou cando o interesado manifieste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo."

No tocante ó procedemento que nos ocupa ratifico a miña conformidade con que se non se suspendan os prazos administrativos recollidos en dita Disposición Adicional Terceira.

#### **6.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR XUNTO COA SOLICITUDE.**

Deberase de xuntar a seguinte documentación:

- Copia do DNI/CIF.
- Certificado de alta no IAE.
- Certificado de alta na Seguridade Social.
- Certificados de atoparse ó corrente de pago en Hacienda, Facenda e Seguridade

Social.

En  a

Asinado.